

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

A. Santamarina (2002): “Palabras de clausura do *Simposio Dialectoloxía e léxico*”, en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 383-385.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

PALABRAS DE CLAUSURA DO
SIMPOSIO DIALECTOLOXÍA E LÉXICO

Antón Santamarina

Director do Instituto da Lingua Galega

Deuse remate hoxe, coa intervención de João Saramago, ó *Simposio Dialectoloxía e Léxico*.

Ó longo de varias xornadas, desde o 20 de marzo, expuxéronse diversos temas que tocaron os dous tópicos desde varios aspectos (en relación coa onomástica, coa lingua literaria, coas fronteiras lingüísticas, etc.). Lamentablemente non foi posible clausurar estas xornadas coa intervención final do grande especialista Mario Alinei, que tivo que adiar a súa presenza en Santiago por motivos de saúde.

A dialectoloxía, como todos saben pola historia da lingüística, é unha ciencia que estivo de moda en Europa na primeira metade do séc. XX. Desta época son as grandes obras clásicas: O Atlas de Francia, o de Italia, os estudos de Gilliéron, de Wagner, de Rohlfs, Jud, Millardet e doutras grandes figuras da romanística (e de fóra dela).

Todo iso chegou a Galicia tarde. Non é que Galicia non interesase ós romanistas; interesou, certamente; pero foi a dialectólogos de fóra que se achegaron por aquí, nos anos 30, en busca de palabras e cousas deste país arcaico e conservador. Houbo un momento en que se sabía máis da xeografía lingüística de Galicia en Alemaña do que en Santiago. Antes de que houbera un museo etnográfico en Galicia, cousas de Galicia xa se podían ver nun museo etnográfico dos pobos románicos en Hamburgo.

Os anos 40 e 50 (e case os 60) pasaron sen pena nin gloria se quitamos os tres artigos de Zamora (sobre a geadá, *oit / uit* e o seseo). Entre nós era Aníbal Otero, un muiñeiro de Barcia (Ribeira de Piquín), o único que se ocupaba de recoller palabras do galego vivo (o seu glosario de voces de moi dispaes orixes, posto todo xunto, pasa de 17.000 entradas).

Cando chegamos nós (este “nós” inclúe os que formabamos o vello departamento de Filoloxía Románica de Santiago, parte dos vellos que estamos nesta mesa), a dialectoloxía galega estaba por facer. Temos que recoñecer que a nosa adhesión á xeografía lingüística e á dialectoloxía daquela non nos poñía na vangarda dos estudos lingüísticos. O que estaba de moda daquela era o estruturalismo de Martinet, a fonoloxía binaria de Jakobson..., e pouco despois xa empezaron a vir tódolos -ismos da lingüística americana, incluída a sociolingüística. Nós, anacronicamente e todo, fomos facendo o que había que facer. Dos anos 70 é o traballo máis intenso do *Atlas* e a co-

lleita máis abundosa de monografías dialectais. De algo despois é o debuxo da Galicia dialectal baseado nos trazos máis rechamantes. Mentres tanto continuábase a elaboración da base de datos do *ALGa* (e a publicación lenta dalgún volume).

Pero ata entre nós se chegou a notar certo síntoma de esgotamento. A partir dun certo momento deixaron de se facer monografías dialectais porque xa non estaba “de moda”, mesmo entre nosoutros, que seguíamos sendo “románticos rezagados”, como se dicía de Rosalía cando estudiamos os movementos literarios. O sentimento de “vergoña” chegou a ser tal que un dos membros do *Atlas* é autor dunha importante monografía de carácter etnolingüístico sobre o xugo e o carro (semellante en alcance á que fixera Herculano de Carvalho sobre os métodos de *debulha* no NO hispánico) e aínda a ten inédita desde hai case 25 anos.

Pero non hai nada que esmoreza definitivamente; a teoría das ondas que estudiamos nos nosos manuais de lingüística funciona. A lingüística histórica que trazaba as familias lingüísticas (que nunca esmoreceu de todo) volve agora a ter vixencia á luz da xenética (os traballos de Alinei van por aí; e os máis audaces aínda de Cavalli-Sforza tamén; cando Arzalluz fala de Rh a lingüística dálle a razón). Así tamén a lingua viva coas súas variacións horizontais e verticais. Claro que a dialectoloxía de agora xa non é coma a de antes; desque se sabe por onde pasa a raia da gheada non fai falla volver explorala cada 25 anos. O estudio das áreas agora adóbase doutras cousas: cómo se conceptualiza o mundo, cómo se negocia a identidade, cómo afecta a modernidade á cultura tradicional, etc. Mesmo cartograficamente hai métodos novos de enfocar as diferencias, non só as recíprocas entre diversos falares senón as de cada falar con respecto ó padrón literario. Os traballos de Goebel e outros andan por aí. Por outra parte, a xeografía do pequeniño (fala da parroquia de XX) está sendo complementada coa xeografía do enorme (*Atlas linguarum Europae*), que á súa vez se vincula tamén co estudio xenético das linguas.

Os materiais que se xuntaron durante estes 30 anos no ILG foron só moi parcialmente explotados. Este *Simposio* pode ser que dea pé a un inicio. Varios dos participantes mostraron camiños por onde se poden abrir novas etapas de investigación. Ata agora trazáronse principalmente isoglosas de carácter fonético e morfolóxico que nos dan unha visión dunha Galicia que ten áreas que seguen liñas que van no sentido dos meridianos (que reparten Galicia entre áreas oriental, central e occidental e máis aínda). Falta repasar un por un tódolos mapas léxicos do *ALGa* a ver que din. Sen dúbida hai moitos que van dar unha imaxe moi uniforme; algúns outros darán uns resultados aparentemente caóticos; outros darán lugar a illas máis ou menos compactas; pero en calquera caso todos eles “falan” ó seu xeito. É posible

que cando saibamos cómo se comportan lexicamente certos conceptos (onde se di *abrula / abeluria / seoane / estraloque* e outras voces da familia) teñamos unha visión bastante diferente da que temos agora. O material do *ALGa*, corroborado con datos doutras procedencias (contemporáneos e históricos) pode explicar cáles foron os centros innovadores, cáles as vías de penetración de certas palabras ou cousas e cáles as redes de interacción dos galegos nos últimos tres ou catro séculos.

Esperemos que de hoxe nun ano poidamos clausurar outras xornadas coma estas, podendo ser, corrixidas e aumentadas.

Máis nada.